

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A Lei de caza de Galicia de 2013, no seu artigo 42.2, establece que se consideran zonas de seguridade: a) As vías públicas, entendéndose por tales, para os efectos desta lei, as vías férreas, as autoestradas, as autovías, as vías para automóviles e as estradas convencionais que se encontren debidamente sinalizadas como tales, sexan de titularidade estatal, autonómica ou local, así como as súas marxes e zonas de servidume das vías públicas e das vías férreas, ampliadas nunha franxa de 50 metros de anchura aos dous lados do eixo da vía e, se estivesen pechadas, a 50 metros do peche.

Sensu contrario, isto significa que, no resto de vías públicas (estradas asfaltadas non sinalizadas), se pode cazar. Precisamente, así aconteceu no concello de Punxín (en Ourense).

Por tal motivo e como consecuencia dunha queixa presentada ao “Valedor do Pobo” o 16 de febreiro de 2015, este abriu expediente pedindo informe á Consellería de Medio Ambiente. A queixa era pola práctica da caza en vías de comunicación asfaltadas (que permite a Lei de caza de 13/2013), en contraste coa lei anterior, que o limitaba a sendeiros pouco frecuentados e sempre que os motivos de seguridade o permitisen.

A resposta da consellería foi que, con arranxo ao artigo 63 da Lei de caza, todo cazador que se atope a menos de 50 metros de persoas alleas á cacería debe descargar a súa arma. E foi o Valedor do Pobo o que formulou unha



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

recomendación, dicindo á consellería que é necesario o desenvolvemento normativa procedente o criterio interpretativo principal para considerar unha vía pública como zona de seguridade a efectos cinexéticos e que sería oportuno impulsar o procedemento de declaración dun terreo como non cinexético para os efectos establecidos no artigo 37 da lei. Como consecuencia, a Secretaría Xeral da Consellería, en abril de 2015, aceptaba o desenvolvemento regulamentario da lei e unha definición máis precisa sobre os aspectos indicados. Ata hoxe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facer as necesarias modificacións da Lei de caza 13/2013, do 23 de decembro, que recollan a recomendación do “Valedor do Pobo”.

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/06/2016 17:19:25

Raúl Fernández Fernández na data 14/06/2016 17:19:32

José Ramón Val Alonso na data 14/06/2016 17:19:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia
